

LETICIA MURARI DE ARAÚJO
RAFAEL MURARI DE ARAÚJO
ROBSON MURARI DE ARAÚJO
TIBURCIO PAREDES ESCURRA
AGUSTINA PASTRANA MARTA
HIBA SOUKKANI
ANDREIA CRISTINA TAVARES CORREA
ANA SOFÍA URIBE BEDOYA
MARÍA SOFÍA VILLALBA BAZÁN

Mándao e asíno o Alcalde, Salvador González Solla, en Ponteareas a dez de novembro de dous mil once. — O Alcalde, ilexible. — A Secretaria xeral, ilexible. **2011011657**

* * *

RIBADUMIA

A N U N C I O

Como consecuencia das variación mensuais do Padrón Municipal de Habitantes, dámonos conta de que as persoas que se indican no pé deste edicto deben causar **BAIXA** por **INSCRICIÓN INDEBIDA**, por non residir neste Concello de Ribadumia.

De conformidade co disposto nos artigos 59.4 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e ao non ser posible realizar a notificación persoal aos interesados nos enderezos abaixo descritos, procédese á súa notificación mediante este anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

Porén, de acordo co art. 72 do Regulamento de Poboación, así como de conformidade coas Normas para a Xestión e Revisión do Padrón Municipal de Habitantes, compre que os interesados manifesten no prazo de **QUINCE** días dende a data de notificación, cal é a súa inscrición Padroal actual. De non recibir contestación nese prazo, entenderemos que están de acordo coa súa baixa por inscrición indebida.

NOME E APELIDOS

ENDEREZO

ALEIDA MARTIN ROQUE

AVDA. BOUZA MARTIN 15,1º BARRANTES

Ribadumia, 24 de novembro de 2011. — A Alcaldesa, M^a Salomé Peña Muñiz.

2011011668

* * *

SILLEDA

A N U N C I O

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia nº 200 de data 18 de outubro de 2011 do anuncio relativo a aprobación inicial da “Ordenanza de Uso e Funcionamento das Instalacións Deportivas Municipais”, sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación inicial a definitiva, e publícase o seu texto íntegro, quedando redactado do seguinte xeiro:

ORDENANZA DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.*CONSIDERACIÓNS XERAIS.*

Artigo 1. O obxecto da presente Ordenanza é a regulación xeral do uso, protección, fomento e desenvolvemento das actividades físico-deportivas e en xeral, a ordenación da actividade deportiva que se pretenda realizar nas Instalacións Deportivas Municipais.

Artigo 2. Para o mellor cumprimento destes fins a presente Ordenanza, que consta de 15 artigos, establece unha serie de normas que servirán dunha parte, para garantir os dereitos dos usuarios das instalacións deportivas municipais e doutra, para fixar as necesarias obrigacións e deberes destes co persoal, cos demais usuarios ou co propio equipamento deportivo.

Instalacións deportivas municipais.

Artigo 3. Son Instalacións Deportivas Municipais suxeitas á presente Ordenanza todas aquelas instalacións destinadas especificamente para a práctica deportiva dunha soa modalidade ou de varias, así como todas aquelas instalacións que o Concello poña en servizo e xestione directa ou indirectamente.

3.1. Terán tamén a citada consideración, os bens mobles destinados a este obxecto e os adscritos de forma permanente a algunha instalación deportiva Municipal.

Normas xerais.

Artigo 4. As instalacións deportivas municipais estarán abertas ao público, e en consecuencia poderán ser usuarios das mesmas, persoas individuais ou grupos, previo abono das taxas que fixe cada ano o Concello de Silleda, pola utilización das mesmas.

Artigo 5. Todos os usuarios posúen idénticos dereitos ao uso e goce das instalacións, aténdose ao calendario e horario que lle foi determinado polo Concello.

Condición de usuarios.

5.1. Enténdese por usuarios das instalacións deportivas municipais as persoas ou entidades que utilicen éstas, ben participando en programas promovidos polo propio Concello, ou ben participando do aluguer ou cesión de devanditas instalacións deportivas.

5.2. Cando o usuario sexa un menor, serán responsables das consecuencias dos seus actos os seus pais ou titores legais.

5.3. Aínda que o usuario estea exento de abonar a taxa polo uso das instalacións estará obrigado a cumprir a presente Ordenanza.

5.4. Todas as instalacións deportivas municipais son de libre concorrência, non podendo existir ningún tipo de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. No entanto, naqueles casos nos que se estableza unha taxa de uso para algunha destas instalacións, o Concello poderá dispoñer bonificacións no caso de persoas residentes no municipio. De forma xenérica, os usuarios deberán respetar as normas de réxime interior establecidas para o acceso e uso das instalacións.

5.5. Poderá existir nalgunhas instalacións un Regulamento ou información específica que recollerá todos os datos de interese para o seu uso, estando prohibida a colocación de carteis que non estean autorizados previamente.

Dereitos dos usuarios.

Artigo 6. Son dereitos dos usuarios:

6.1. Ser tratados con educación e amabilidade polo persoal.

6.2. Gozar, de acordo ás normas de uso establecidas, de todos os servizos que se presten nas instalacións.

6.3. Facer uso das instalacións nos días e horarios sinalados no programa ou autorización concreta, aínda que, o Concello por necesidades de programación ou forza maior, poderá anular ou variar as condicións establecidas, comunicando esta circunstancia aos afectados co tempo suficiente.

6.4. Facer uso dos servizos e espazos complementarios como vestiarios, aseos, etc., nos termos previstos na presente Ordenanza ou nos Regulamentos de uso interno de cada unha das instalacións.

6.5. Dispoñer das instalacións, o mobiliario e o material deportivo (se o houbera) en adecuadas condicións de uso.

6.6. Presentar as queixas, suxestións ou reclamacións que estime convenientes; por escrito, mediante instancia no rexistro do Concello.

6.7. Poder consultar nas Oficinas Municipais, e se é posible nas instalacións deportivas, a presente Ordenanza Xeral das Instalacións Deportivas Municipais.

Obrigacións dos usuarios.

Artigo 7. Son obrigacións dos usuarios:

7.1. Utilizar as instalacións, material e mobiliario adecuadamente, evitando posibles danos nas mesmas ou para a saúde e dereitos de outros usuarios.

7.2. Gardar o debido respecto aos demais usuarios e ao persoal das instalacións, así como atender en todo momento as indicacións do mesmo, cuxa labor é supervisar toda actividade que se realice no recinto e as súas dependencias.

7.3. Acceder á instalación para realizar a actividade con indumentaria deportiva, observándose especialmente a necesidade de calzado adecuado para cada pavimento.

7.4. Abonar as taxas vixentes en cada momento e que serán anunciadas coa antelación suficiente.

7.5. Cumprir os horarios que lle foron establecidos ao resolver a súa solicitude.

7.6. Abandonar as instalacións unha vez finalizada a actividade na que participe ou se atope inscrito. A saída será como máximo 20 minutos logo de finalizar o seu horario. As persoas localizadas dentro de calquera instalación deportiva municipal, cuxa entrada se realizara de forma irregular, deberán abonar a taxa correspondente, debendo abandonar posteriormente a instalación.

7.7. Calquera usuario que ocasione danos materiais nas instalacións de xeito intencionado ou por un uso negligente das mesmas será directamente responsable dos danos producidos. Polo tanto, farase cargo dos gastos que orixine a reparación do dano ocasionado e poderá ser sancionado.

7.8. O Concello de Silleda non se fará responsable ante o usuario en caso de accidentes ou danos derivados do incumprimento por parte do usuario das presentes Normas, dun comportamento negligente doutro usuario ou un mal uso das instalacións, equipamentos e servizos.

7.9. O Concello recomenda aos usuarios someterse a un recoñecemento médico previo antes de iniciar calquera actividade nas instalacións, reservándose o dereito de esixilo se o estimase convinte.

7.10. O Concello non se fará responsable da perda ou hurto de pezas ou obxectos nas instalacións.

Acceso ao uso das instalacións.

Artigo 8. Acceso ao uso das instalacións deportivas:

8.1. As instalacións permanecerán abertas durante o horario que estableza o Concello de Silleda, de conformidade coas necesidades e demandas que aprecie.

8.2. O Concello de Silleda poderá acordar o peche temporal das instalacións cando se produzan causas que o xustifiquen, facendo público o alcance da medida canto antes e avisando con antelación suficiente aos usuarios programados. Nestes casos terase dereito á devolución do importe da tarifa pagada.

8.3. En cada instalación só poderán practicarse aqueles deportes a que especificamente estea destinada a mesma. Con carácter excepcional, tamén poderán practicarse outros deportes ou actividades, sempre que tecnicamente sexa posible e previa autorización do Concello.

8.4. O Concello de Silleda non se fai responsable dos accidentes que poidan sobrevenir pola práctica deportiva en todas as súas instalacións.

8.5. Os danos que se orixinen por negligencia ou mal uso das instalacións, serán por conta de quen nese momento atópese utilizando as mesmas. As Federacións ou Entidades Deportivas responsables das programacións de encontros e competicións nas instalacións deportivas municipais serán responsables subsidiariamente dos danos que orixinen os equipos participantes nas mesmas. Estarase en todo caso ao disposto no artigo 64 da Lei 10/1990 do Deporte e demais normativa de aplicación.

8.6. Os adestradores ou as persoas delegadas terán que levar o control do material utilizado para a realización das actividades. Tamén se responsabilizará de que unha vez finalizada a actividade, a instalación e os espazos deportivos utilizados estean en condicións de volverse a utilizar.

Cada entidade ten a obriga de levar o seu propio botiquín, con independencia do botiquín xeral que existe no recinto deportivo.

8.7. As instalacións deportivas municipais destinaranse, con carácter prioritario e xeral, á práctica da actividade física deportiva escolar (promoción deportiva), deporte federado, de deporte educativo e do deporte de esparcemento e tempo libre.

8.8. Dentro do horario escolar terán acceso ás instalacións os centros docentes situados en Silleda, para o desenvolvemento dos seus programas de Educación Física e Deportiva. As instalacións deportivas poderán utilizarse para desenvolver programas de iniciación e promoción deportiva organizados polo Concello ou outra entidade, previa presentación, neste último caso, dun proxecto onde se describa a actividade, persoa/s responsable/s, colectivo ao que está destinado, a súa duración e periodicidade, así como outros datos de interese.

8.9. Con independencia das preferencias xerais sinaladas, o Concello resérvase o dereito a modificar os calendarios solicitados para uso continuado, tendo en conta a intención das demandas concorrentes.

8.10. A Concellaría correspondente, vixiará que se realice unha boa utilización e administración das instalacións, se preste o servizo adecuado e se cumpran as condicións establecidas nesta Ordenanza, a través do persoal propio que se destine á respectiva instalación deportiva, debendo cumprir os usuarios, tanto as determinacións xerais da presente Ordenanza como os Regulamentos específicos que se poideran establecer.

8.11. O control de utilización, xestión e conservación das instalacións será exercido polo Alcalde-Presidente, que poderá delegar este labor ao Concelleiro/a de Deportes, mediante a aplicación dos criterios adecuados de xestión e utilización e tendo en conta as queixas, suxestións e demandas dos usuarios, buscando as posibles solucións respecto diso.

Reserva das instalacións.

Artigo 9. Reserva das instalacións:

9.1. As instalacións deportivas deberán ser reservadas seguindo o procedemento sinalado na presente ordenanza e de conformidade co disposto na ordenanza reguladora de precio público por utilización de instalacións deportivas.

Nas instalacións deportivas municipais, agás a piscina municipal :

- As solicitudes de uso das instalacións municipais faranse mediante escrito dirixido ao concelleiro/a de Deportes ou órgano competente no seu momento.
- As solicitudes resolveranse nun prazo non superior a 48 horas.
- A adxudicación da instalación efectuarase por orde de entrada das solicitudes no Rexistro municipal, de conformidade cos seguintes criterios:
 1. Partidos oficiais do usuario habitual da instalación.
 2. Clubs federados municipais.
 3. Equipos, peñas e empresas do Concello.
 4. Clubs federados de fóra do Concello.

5. Equipos, peñas ou empresas de fora do Concello.

- Para a utilización das instalacións a entidades deberán presentar o xustificante bancario do aboamento efectivo do prezo público correspondente ao pagamento dos servizos . O pagamento do prezo público efectuarase dentro das 24 horas seguintes á recepción da comunicación da concesión e, en todo caso, antes da utilización da instalación.
- Os clubs do Concello presentarán as solicitudes das instalacións debendo achegar o calendario oficial 24 horas despois de recibilo da correspondente federación; a programación dos adestramentos deberá entregarse antes do día 1 de setembro.
- No caso de producirse alteracións nos calendarios oficiais ou de adestramentos por calquera motivo, comunicarse inmediatamente ao concelleiro/a de Deportes, quen á súa vez reunirá os clubs que estean afectados co fin de estudar a incidencia e resolvela adecuada e consensuadamente. No caso de non conseguir o consenso, o concelleiro/a resolverá o procedente.
- Os danos que se produzan pola deficiente utilización das instalacións serán por conta da entidade usuaria da instalación nese momento. No caso de reincidencia o Concello poderá retirar o uso da instalación á entidade responsable dos danos.

9.2. O Concello de Silleda resérvase o dereito a modificar calquera reserva por causa de forza ou maior. Ademais resérvase o dereito a anular calquera reserva, devolvendo as taxas/tarifas se estas fosen abonadas, se observa que o usuario que concreta a reserva da instalación non cumpre os requisitos ou ben incorra nalgunha falta tipificada no réxime sancionador establecido na presente Ordenanza.

9.3. As taxas/tarifas de uso das instalacións deportivas quedarán fixadas polo Concello de Silleda mediante Ordenanza aprobada ao efecto.

Particularidades nas reservas programadas para colectivos.

Artigo 10. Poderán realizar reservas programadas os centros educativos, clubs, federacións, asociacións, entidades e usuarios individuais que o desexen, aténdose á seguinte normativa:

10.1. Uso escolar.

O centro escolar deberá cumprimentar a correspondente ficha de solicitude de uso da instalación para actividades relacionadas coa materia de Educación Física dentro do horario lectivo, sempre que acudan acompañados e permanezan no edificio toda a clase co seu profesor correspondente. Non será necesaria esta solicitude para aquelas actividades realizadas dentro das canchas situadas dentro do recinto do Centro Educativo, sempre que sexa en horario lectivo ou dentro dunha actividade programada polo propio Centro.

O Concello de Silleda resérvase o dereito a modificar días, horarios, etc., se fose preciso e en función de novas actividades, así como suspender a actividade pola celebración doutras de carácter puntual, con antelación suficiente.

Nos casos nos que o Centro, por outro tipo de actividade, tivese que suspender a súa asistencia á instalación, terá a obriga de comunicar con polo menos 24 horas de antelación este feito.

10.2. Uso extraescolar.

Durante a primeira quincena do mes de setembro cumprimentaranse as fichas de solicitude de uso das instalacións para actividades relacionadas co deporte extraescolar.

A utilización, en cada caso, virá determinada polas condicións que estableza o Concello. Ademais resérvase o dereito de modificar días, horarios, etc., así como de retirar a autorización se fose preciso en función de: novas actividades, actividades con carácter puntual, por mal uso da instalación, porque as actividades realizadas vaian en detrimento das causas orixinais da autorización ou outros supostos razoables.

10.3. Clubs, federacións, agrupacións, asociacións e entidades.

A presentación de solicitudes para adestramentos durante a tempada deportiva deberá realizarse nas oficinas municipais, por escrito, desde o día 1 ata o día 31 de agosto de cada ano.

A tempada deportiva enténdese desde o día 1 de agosto ao día 30 de xuño do ano seguinte, salvo aqueles deportes con calendario especial. A prórroga de utilización durante os meses de xullo e agosto, deberá contar coa aprobación municipal.

Na solicitude deberá constar información sobre o grupo solicitante tal como: nome, CIF/NIF, dirección, teléfono, responsable, actividade deportiva a desenvolver, categoría, número de usuarios, etc. As autorizacións outorgaranse de acordo cos criterios técnicos de aplicación á vista dos datos contidos nas solicitudes presentadas.

Unha vez aprobadas as solicitudes de uso de cada instalación, confirmarase a cada usuario o espazo e o tempo concedido. A partir deste momento, todos os cambios que os usuarios pretendan producir, deberán ser comunicados por escrito na oficina correspondente do Concello, polo menos con 24 horas de antelación, para resolver o que proceda.

Aquela entidade que decida renunciar ao uso autorizado, deberá comunicalo por escrito cunha antelación mínima de 24 horas, non podendo ceder a outra entidade a súa autorización de uso. Non cumprir este requisito pode levar unha sanción a devandita entidade.

A autorización para adestramento e outros usos quedará supeditada aos actos organizados ou autorizados polo Concello, non habendo lugar a reclamacións cando por devandita circunstancia teña que suspenderse ou variarse o horario antes autorizado.

Particularidades nas reservas para actos ou eventos.

Artigo 11. É obxecto deste apartado o normalizar os dereitos, as obrigas e as condicións en que os usuarios poderán utilizar as instalacións para actividades culturais, espectáculos deportivos extraordinarios ou actividades extradeportivas.

Para reserva de data determinada e para inscrición concreta o procedemento a seguir é o seguinte:

11.1. Solicitude escrita, cunha antelación mínima de 1 mes, para dispoñibilidade da instalación e data, dirixida ao Concello Silleda. A devandita solicitude deberá especificar os datos da entidade solicitante (nome, dirección, CIF, representante legal, teléfono, etc.) ou os da persoa física ou asociación que realice a solicitude. Deberá figurar tamén inexcusablemente o fin principal do acto.

11.2. O Concello contestará por escrito no prazo máis curto posible á solicitude presentada. No caso que a data sexa considerada libre, o solicitante terá un prazo de cinco días para depositar a fianza que, no seu caso, se estableza polo concello. No caso de que a fianza non sexa depositada quedará anulada a reserva.

11.3. O Concello resérvase a facultade de non ceder as instalacións se con iso prexudicásese a unha concesión efectuada con anterioridade ou existisen causas de forza maior ou de interese público.

11.4. Cunha antelación de polo menos 20 días á celebración do acto concedido, o solicitante deberá:

Manter unha reunión técnica co responsable da instalación solicitada, cubrindo un impreso de necesidades.

Presentar unha póliza de responsabilidade civil a favor do Concello por unha contía que será comunicada no escrito de autorización, así como o recibo xustificante do último pago do mesmo.

O solicitante deberá deixar a instalación en perfectas condicións en canto a limpeza e conservación, respectando ao máximo o horario marcado para deixar libre a mesma.

Será responsabilidade do organizador e pola súa conta, a obtención de cantas licenzas e permisos precísense para a realización do acto, así como a realización de todas as tarefas de montaxe e desmonte que requira a actividade..

Artigo 12. Prohibicións expresas dentro das instalacións deportivas:

12.1. Nas instalacións deportivas municipais non está permitido fumar. Tampouco se permite o consumo de bebidas alcohólicas ou outras sustancias estupefacientes.

12.2. Non está permitido nos recintos deportivos introducir utensilios de vidro ou metálicos, salvo que estean directamente relacionados coa práctica deportiva.

12.3. Queda terminantemente prohibida a utilización de calquera instalación deportiva municipal para impartir clases con finalidade de lucro e beneficio particular, sen autorización expresa do Concello e sempre que exista interese público.

12.4. Non está permitido o acceso de animais nas instalacións deportivas municipais, salvo no caso de cans de compañía especiais (“lazarillos”).

12.5. Non está permitido xogar e/ou quentar con balóns, pelotas ou outros obxectos, en vestiarios, corredores de acceso a pistas, gradas e todas aquelas zonas que non se consideren espazos deportivos.

12.6. Non está permitida a utilización de aparellos ou equipos de calquera tipo que trastornen a práctica deportiva, salvo autorización expresa.

12.7. Queda expresamente prohibido o consumo de produtos alimenticios con casca dentro das instalacións deportivas municipais cubertas.

12.8. Queda terminantemente prohibida a introdución e/ou uso de material pirotécnico de calquera tipo (petardos, bengalas, etc.) nas instalacións deportivas municipais.

12.9. Non está permitido o acceso de vehículos a motor ou sen el (bicicletas, triciclos, patíns, monopatinos, etc.) ao interior dos recintos deportivos, salvo autorización expresa.

Réxime disciplinario.

Artigo 13. O incumprimento das obrigas que se derivan da condición de usuario, poderá levar consigo a perda de tal condición ou a imposición de sancións, conforme ao previsto na presente Ordenanza.

Tales incumprimentos clasificaranse en leves e graves, segundo se detalla nos artigos seguintes.

13.1. Incumprimentos leves.

13.1.1. Considerarase leve, o incumprimento dalgunhas das obrigas dos usuarios ou prohibicións expresas, cando a súa consecuencia non dea lugar á cualificación de grave.

13.1.2. O trato incorrecto a calquera usuario, persoal, técnico, etc.

13.1.3. Causar danos leves por actuar de forma imprudente ou negligente á instalación, material ou equipamento das mesmas ou a outros usuarios.

13.1.4. Un apartado especial para os clubs federados, asociacións, ou calquera outra entidade ou persoa que, liberados de pagar as taxas e non habéndoo comunicado con antelación suficiente, non fagan uso das instalacións, no horario que se lles concedeu e co número de participantes acordos coa actividade para a que se solicitou a instalación, poderáselles retirar a condición de usuario. Dúas faltas inxustificadas, a criterios dos técnicos municipais responsables, será un incumprimento leve.

13.2. Incumprimentos graves.

13.2.1. O incumprimento reiterado dalgunhas das obrigas dos usuarios ou prohibicións expresas.

13.2.2. O mal trato de palabra ou obra a outros usuarios, espectadores, profesorado, técnico, xuíces ou empregados da instalación.

13.2.3. Causar danos graves de forma voluntaria á instalación, material ou equipamento das mesmas.

13.2.4. Orixinar, por imprudencia ou negligencia, accidentes graves a si mesmo ou a outras persoas.

13.2.5. O falsear intencionadamente os datos relativos á identidade, idade, etc. e a suplantación de identidade.

13.2.6. A reincidencia en incumprimentos resoltos como leves.

13.2.7. Hurtar, roubar ou deteriorar material das instalacións.

13.2.8. Provocar e/ou participar en rifas, tumultos e agresións físicas.

13.2.9. Introducir nas instalacións deportivas algún animal ou produto que deteriore as instalacións.

13.2.10. Introducir nos recintos de xogo bengalas, fogos de artificio ou petardos cando se realizan espectáculos deportivos.

13.2.11. Hurtar, roubar ou deteriorar pertenzas dos usuarios.

13.2.12. Cometer tres infraccións leves no prazo de tres meses.

Réxime sancionador.

Artigo 14. Réxime sancionador en función da gravidade da falta:

14.1. Os incumprimentos leves sancionaranse con apercibimento por escrito e/ou a perda da condición de usuario ou abonado por un período de 5 a 30 días.

14.2. Os incumprimentos graves sancionaranse coa perda da condición de usuario ou abonado por un período comprendido entre 30 días e 5 anos, se a gravidade do mesmo fixéseo necesario, e/ou establecemento de multas de entre 150 e 3.000 euros.

14.3. Procedementos.

14.3.1. O Concello será o encargado de tramitar o procedemento sancionador.

14.3.2. As propostas comunicaranse por escrito aos interesados dándolles de audiencia para que estes poidan efectuar alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes.

14.3.3. Unha vez concluído o prazo de audiencia e á vista das alegacións presentadas polo usuario, o órgano competente do Concello, resolverá o que proceda. Unha vez que resolva, notificarase ao afectado, dentro do prazo que lle confire a lexislación administrativa.

14.3.4. Contra os acordos adoptados, poderán interporse os recursos que se estimen oportunos, de conformidade coa Lei do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedementos Administrativo Común.

14.3.5. Nembergantes, no caso de que o usuario actúe de forma notoriamente contraria á presente Ordenanza, o persoal da instalación está autorizado a esixirlle o abandono inmediato da mesma, ou requirir a presenza das forzas de seguridade, se a gravidade así o esixise, sen prexuízo das posteriores accións aplicables ao caso.

Artigo 15. De acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a presente Ordenanza entrará en vigor despois da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcurrido o prazo disposto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.

Silleda, a 25 de novembro de 2011.—Paula Fernández Pena.

2011011664

A N U N C I O

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia nº 200 de data 18 de outubro de 2011 do anuncio relativo a aprobación inicial do “Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Silleda”, sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación inicial a definitiva, e publícase o seu texto íntegro, quedando redactado do seguinte xeiro:

REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE SILLEDA

PREÁMBULO

O dereito da persoa a intervir no proceso de toma de decisións no ámbito local, a participación cidadá, constitúe parte inseparábel da sociedade democrática.

A Declaración Universal de Dereitos Humanos, o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, así como diversas recomendacións do Consello de Europa, configuran, entre outros textos, o marco xurídico internacional no que descansa a participación. Así mesmo, no marco estatal a Constitución española de 1978 dá carta de natureza á participación cidadá.